

Especial consideración e peculiaridades na clasificación e funcionarización de postos de persoal laboral da Xunta de Galicia no corpo de axudantes de carácter facultativo da administración especial (subgrupo C1), escala técnica de conducción e no corpo de auxiliares de carácter técnico de administración especial (subgrupo C2), escala auxiliar de conducción, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

Primeiro. Pluses existentes nos postos de persoal laboral

Distintos postos de persoal laboral grupo III categoría 63 (*Oficial/a 1ª condutor/a. condutores/as 1ª. Condutores/as altos cargos. Condutor/a mecánico/a*) e grupo IV categoría 16 (*condutor/a*) a funcionarizar contan na relación de postos de traballo con retribucións e complementos salariais, que veñen a retribuír as condicións, especiais dificultades materiais e técnicas que exigen o desempeño dos postos de traballo; condicións económicas que deben ter a súa correspondencia no **complemento de destino e no complemento específico** como postos de persoal funcionario.

CÓDIGO	DESCRIPCIÓN DOS PLUSES
B10	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR PERIGOSIDADE.
B14	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE DE ESPECIAL DEDICACIÓN.
B18	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR PENOSIDADE.

Segundo. Pluses de convenio e de dispoñibilidade horaria

Non obstante o recollido no punto anterior, dase a circunstancia de que existen postos cuxas persoas ocupantes están a percibir, a maiores, un "**plus de convenio**" e/ou "**plus de dispoñibilidade horaria**".

- O "**plus de convenio**" ten a súa orixe nas peculiaridades no desempeño das súas funcións por parte dos condutores que se atopan ao servizo dos altos cargos da Xunta de Galicia, así como o horario ao que se ven xometidos, con contínuos cambios no mesmo, ao igual que as características das viaxes que realizan ao servizo de tales cargos que impiden regular un horario fixo e estable con carácter xeral

A estos efectos o 29.12.1994 o Consello da Xunta aprobou una contía determinada en concepto de "**plus de convenio**" a aqueles condutore/as da Xunta de Galicia que nese momento estaban a percibir o plus de dispoñibilidade horaria.

- O plus de "**dispoñibilidade horaria**" do persoal laboral da Xunta de Galicia está regulado **no artigo 26.4 Complementos salariais** do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Trátase dun complemento que se aboa polo simple feito de estar dispoñible, estar á disposición da Administración para a realización dun traballo. A percepción deste complemento non pode supoñer aumento de xornada senón a posibilidade de que se produzan alteracións do horario xeral establecido para a Xunta de Galicia.

Esta dispoñibilidade horaria só dará dereito á percepción dun complemento especial e ao cobramento de indemnización por razón do servizo, conforme o regulado pola normativa de aplicación; non se poderá percibir retribución ningunha por horas extraordinarias, se se percibe complemento de dispoñibilidade horaria por horas de presenza.

Esta dispoñibilidade horaria non se considera dentro da xornada de traballo efectivo nin computa para efectos do límite de horas extraordinarias.

Aos/ás condutores/as, no tempo de traballo efectivo, resúltalles de aplicación a xornada normal de traballo e os límites establecidos para as horas extraordinarias.

No suposto de retirada do carné de conducir por autoridade xudicial ou gubernativa, os/as condutores/as non sufrirán mingua salarial básica ningunha, salvo que a dita retirada sexa debida a imprudencia temeraria ou a conducir baixo os efectos do alcohol.

A percepción do importe correspondente a este plus só será posible cando figure expresamente recoñecido para o posto de que se trate na correspondente relación de postos de traballo

Terceiro. Importes dos pluses de convenio e de dispoñibilidade horaria

Os importes **actuais??** correspondentes ao **plus de convenio** e ao **plus de dispoñibilidade horaria** son os seguintes:

- O **plus de convenio** está retribuído cunha contía de 539,08 euros mensuais (12 mensualidades).
- O **plus de dispoñibilidade horaria** está retribuído cunha contía de 469,91 euros en 12 mensualidades.

Cuarto. Xornada de traballo e horas extraordinarias

Segundo o artigo 18 **Xornada de traballo** do Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, como regra xeral, a xornada de presenza e traballo efectivo é de 37 horas e 30 minutos semanais, de luns a venres, en todos os centros de traballo da Xunta de Galicia, de forma continuada en termos xerais en quendas de mañá, tarde ou noite, agás naqueles centros en que, pola natureza das súas funcións, se faga necesaria a xornada partida; a xornada máxima anual será de 1.665 horas. Non teñen natureza de horas extraordinarias aquelas que, excedendo das 37.30 horas semanais, non superen as 1.665 horas anuais.

A definición de **horas extras** ven recollida e reguladas no artigo 27 do Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. Son aquelas horas ou fraccións que exceden da xornada normal de traballo e teñen un carácter excepcional.

Como norma xeral a realización de horas extraordinarias ten sempre un carácter voluntario e o seu límite é de 80 horas en cómputo anual

Segundo o recollido no arito 26.4 do Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, non se pode percibir retribución ningunha por horas extraordinarias, se se percibe complemento de **dispoñibilidade horaria por horas de presenza**.

As horas de presenza, no suposto de condutores alleos ao Parque Móbil da Xunta de Galicia, non poderán ser ocasionais, senón permanentes e recoñecidas pola autoridade competente.

A percepción do plus de convenio resulta compatible coa percepción de horas extras; sempre dentro do límite máximo de 80 horas en cómputo anual.

Quinto. Traslado dos pluses dos postos de laboral a postos de persoal funcionario

Á esta administración non lle resulta allea as peculiaridades e particularidades existentes no desenvolvemento dos seus postos de traballo o persoal do grupo III categoría 63 (Oficial/a 1ª condutor/a. condutores/as 1ª. Condutores/as altos cargos. Condutor/a mecánico/a) e grupo IV categoría 16 (condutor/a) polo que cómpre, dentro da negociación correspondente, reflectir estas cicunstancias nesta funcionarización de postos en aras a unha **eficaz e eficiente prestación do servizo sen merma nas retribucións das persoas ocupantes** dos postos de traballo.

- **Quinto.1** Postos que se clasifican no corpo de axudantes de carácter facultativo da administración especial (subgrupo C1), **escala técnica de conducción:**
 - Sen complementos: nivel 14
 - Con complemento B10: nivel 16
 - Con complemento B18: nivel 16
 - Con complementos B10 + singularidade: nivel 20
 - Con dispoñibilidade horaria + singularidade : nivel 20
 - Con singularidade: nivel 20

- **Quinto.2** Postos que se clasifican no corpo de auxiliares de carácter técnico de administración especial (subgrupo C2), **escala auxiliar de conducción:**
 - Sen complementos: nivel 12
 - Con complemento B10: nivel 14
 - Con dispoñibilidade horaria: nivel 14
 - Con dispoñibilidade horaria + singularidade : nivel 18
 - Con complementos B10// B14//B18: nivel 18
 - Con complementos B10//B18: nivel 18

- **Quinto.3** Aqueles postos nos que se percibe o ***plus de dispoñibilidade horaria*** trasladarase o importe correspondente de **4.696,16 euros anuais** coa observación correspondente "***Horario especial con especial dispoñibilidade***"

- **Quinto.4** Aqueles postos nos que se percibe o ***plus de convenio*** trasladarase o importe correspondente de **3.922 euros anuais** coa observación correspondente "***Horario especial con especial singularidade***".